

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos para o día 17 de xaneiro de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de xaneiro de 2024**, ás 17:30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/3A/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de decembro de 2023.

2. 2024/619K PRESIDENCIA

Delegación na Deputación provincial de Ourense das competencias do Concello de Muíños en materia de recadación executiva do canon ou prezo a satisfacer polo contratista, así como calquera outro tipo de gasto ou consumo que lle corresponda asumir ao contratista en virtude de contrato formalizado con ese concello.

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

